Borrar

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO DA SEGURIDADE SOCIAL E PENSIÓNS — SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES

INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL — INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL

# Impuesto sobre a renda das persoas físicas. Retencións sobre rendementos do traballo
# **Comunicación de datos ao pagador** (artigo 88 do Regulamento do IRPF)

Pode solicitar este trámite a través da Sede Electrónica da Seguridade Social (***https://sede.seg-social.gob.es***), tanto con certificado dixital como con Cl@ve permanente. Se non dispón de ningún sistema de identificación electrónica, poderá realizar o trámite en ***https://run.gob.es/tramites*** ou presentar un exemplar asinado por correo ordinario ou nun centro de atención e información da Seguridade Social solicitando cita previa nos teléfonos 901 10 65 70 / 91 541 25 30 ou en ***https://run.gob.es/trdcita***

## 1. Datos do perceptor que efectúa a comunicación

| NIF | Apelido y Nome | Ano de nacemento |
|---|---|---|
| | | |

**Situación familiar:**

- Solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente, con fillos menores de 18 anos ou incapacitados xudicialmente e sometidos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada que conviven exclusivamente con vostede sen convivir tamén co outro proxenitor, sempre que proceda indicar polo menos un fillo ou descendente no apartado 2 deste documento … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … … 1 ☐
- Casado/a e non separado/a legalmente, cun cónxuxe que non obtén rendas superiores a 1.500 euros anuais, agás as exentas … … … … … … … … 2 ☐

  NIF do cónxuxe (se marcou o recadro 2, deberá indicar neste recadro o NIF do seu cónxuxe) … … … ☐

- Situación familiar distinta das dúas anteriores (solteiros sen fillos, casados cun cónxuxe que obtén rendas superiores a 1.500 euros anuais, etc.) … … … … … 3 ☐
  (Marque tamén este recadro se non desexa manifestar a súa situación familiar)

**Discapacidade** (grao de discapacidade recoñecido) Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% … ☐ Igual ou superior ao 65% … ☐ Ademais, teño acreditada a necesidade de axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida … ☐

## 2.- Fillos e outros descendentes menores de 25 anos, ou maiores da devandita idade se son discapacitados, que conviven co perceptor

Datos dos fillos ou descendentes menores de 25 anos (ou maiores da devandita idade se son discapacitados) que conviven con vostede e non teñen rendas anuais superiores a 8.000 euros.

**Fillos ou descendentes con discapacidade** (grao de discapacidade recoñecido): Se algún dos fillos ou descendentes ten recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, marque cun "X" os recadros que correspondan á súa situación

**Cómputo por enteiro de fillos ou descendentes**: No caso de fillos que convivan só con vostede, sen convivir tamén co outro proxenitor (pai ou nai), ou de netos que convivan só con vostede, sen convivir tamén con ningún outro dos seus avós, indíqueo marcando cun "X" este recadro.

| Ano de nacemento | Ano de adopción ou acollemento(1) | Grao igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% | Grao igual ou superior ao 65% | Ademais, ten acreditada a necesidade de axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida | Cómputo por enteiro |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| | | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |

Atención: Se ten máis de catro fillos ou descendentes, acompañe outro exemplar cos datos do quinto e dos sucesivos.

(1) Só no caso de fillos adoptados ou de menores acollidos. Tratándose de fillos adoptados que previamente estiveran acollidos, indique só o ano de acollemento.

20220831

## 3.- Devanceiros maiores de 65 anos, ou menores da devandita idade se son discapacitados, que conviven co perceptor

Datos dos devanceiros maiores de 65 anos (ou menores da devandita idade se son discapacitados) que conviven con vostede durante, polo menos, a mitade do ano e que non teñen rendas anuais superiores a 8.000 euros

**Devanceiros con discapacidade** (grao de discapacidade recoñecido): Se algún dos devanceiros ten recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, marque cun "X" os recadros que correspondan á súa situación.

**Convivencia con outros descendentes**: Se algún dos devanceiros convive tamén, polo menos durante a mitade do ano, con outros descendentes do mesmo grao que vostede, indique neste recadro o número total de descendentes cos que convive, incluído vostede (se os devanceiros só conviven con vostede, non cubra este recadro)

| Ano de nacemento | Grao igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% | Grao igual ou superior ao 65% | Ademais, ten acreditada a necesidade de axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida | Convivencia con outros descendentes |
|---|---|---|---|---|
| | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |

## 4.- Pensións compensatorias a prol do cónxuxe e anualidades por alimentos a prol dos fillos, fixadas en ambos os dous casos por decisión xudicial

**Pensión compensatoria a prol do cónxuxe.** Importe anual que vostede está obrigado a pagar por resolución xudicial … … … … … … … … … … … … ☐

**Anualidades por alimentos a prol dos fillos.** Importe anual que vostede está obrigado a pagar por resolución xudicial … … … … … … … … … … … … ☐

6-070 gal V.10

## 5.- Pagamentos pola adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual utilizando financiación allea, con dereito á dedución no IRPF

**Importante:** só poderán cubrir este apartado os contribuíntes que teñan adquirida a súa vivenda habitual, ou teñan pagadas cantidades por obras da súa rehabilitación, antes do 1 de xaneiro do 2013.

Se vostede está a pagar por préstamos destinados á adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual polos que vaia a ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual no IRPF e a contía total das súas retribucións íntegras en concepto de rendementos do traballo procedentes de todos os seus pagadores é inferior a 33.007,20 euros anuais, marque cun "X" este recadro … … … … … … ☐

## 6.- Data e sinatura da comunicación

Manifesto ser contribuínte do IRPF e declaro que son certos os datos arriba indicados, presentando ante a empresa ou entidade pagadora esta comunicación da miña situación persoal e familiar, ou da súa variación, aos efectos previstos no artigo 88 do Regulamento do IRPF.

.................................. , o .......... do .............................. de ..........

Signatura del perceptor:

Fdo.: D/Dª. ..............................................................

## 7.- Acuse de recibo

O Instituto Nacional da Seguridade Social acusa recibo desta comunicación e da documentación.

.................................. , o .......... do .............................. de ..........

Sinatura autorizada e selo da empresa ou entidade pagadora

Fdo.: D/Dª. ..............................................................

**Atención:** a inclusión de datos falsos, incompletos ou inexactos nesta comunicación, así como a falta de comunicación de variacións neles, que de ser coñecidas polo pagador haberían determinado unha retención superior, constitúe infracción tributaria sancionable con multa do 35 ao 150 por 100 das cantidades que se houberan deixado de reter por esta causa (artigo 205 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria)

| Apelidos e nome: | DNI - NIE - pasaporte |
|---|---|
| | |



| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| **RESPONSABLE** | Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) |
| **FINALIDADE** | Xestión das prestacións do Sistema da Seguridade Social competencia do INSS |
| **LEXITIMACIÓN** | Exercicio de poderes públicos |
| **DESTINATARIOS** | Só se efectuarán cesións e transferencias previstas legalmente ou autorizadas mediante o seu consentimento |
| **DEREITOS** | Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional |
| **PROCEDENCIA** | Recollemos datos doutras administracións e entidades nos termos legalmente previstos |
| **INFORMACIÓN ADICIONAL** | Pode consultar información adicional e polo miúdo na folla informativa que se achega ao presente formulario no apartado “INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS” |

.................................................. , o ........ de .......................... do 20 ......

Sinatura do interesado,

20220831

**Se vai presentar esta solicitude por Internet, non é preciso que asine este formulario**

6-070 gal V.10

SR./SRA. DIRECTOR/A PROVINCIAL DO INSS DE ..............................................................................

## INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|---|---|
| **RESPONSABLE DO TRATAMENTO** | ***Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?***<br>Instituto Nacional da Seguridade Social<br>Rúa Padre Damián, 4<br>CP 28036 Madrid, ESPAÑA<br>https://sede.seg-social.gob.es |
| **DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS** | ***Como pode contactar co Delegado de Protección de Datos?***<br>Enderezo do Servizo Xurídico da Seguridade Social<br>Rúa Sagasta, 13 - 6ª Andar<br>CP 28004 Madrid, ESPAÑA<br>https://sede.seg-social.gob.es |
| **FINALIDADE DO TRATAMENTO** | ***Para que empregaremos os seus datos?***<br>Os seus datos serán tratados coa finalidade principal de resolver esta solicitude e de xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida.<br>O tratamento dos seus datos de contacto terá coma finalidade a realización de comunicacións e remisión de información en materia de Seguridade Social.<br>Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres sexan necesarios para xestionar a súa prestación ou as dos seus posibles beneficiarios, así como para outros fins de arquivo e estatística pública. |
| **LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO** | ***Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?***<br>O tratamento dos datos realizarase sobre a base do exercicio de poderes públicos autorizado por unha norma legal (Arts. 66, 71, 72, 77 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, en adiante TRLXSS).<br>Verbo das comunicacións e envío de informacións en materia de Seguridade Social, o tratamento virá lexitimado polo seu consentimento. A negativa a outorgalo suporá que non poderá recibir este tipo de envíos, se ben non impedirá que lle podamos informar polos ditos canais do estado das súas solicitudes. Tamén lle informamos de que non está obrigado a proporcionar o seu enderezo de correo electrónico e número de teléfono móbil e que, en caso de non facilitalos, non impedirá o trámite da súa solicitude. |
| **DESTINATARIOS DE CESIÓNS OU TRANSFERENCIAS** | ***A quen comunicaremos os seus datos?***<br>Os datos persoais obtidos polo Instituto Nacional da Seguridade Social no exercicio das súas funcións teñen carácter reservado e só se empregarán para os fins encomendados legalmente, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás que a cesión ou comunicación teña por obxecto algún dos supostos previstos expresamente no artigo 77 do TRLXSS, así como os supostos indicados en calquera outra norma de rango legal.<br>Se se trata dunha solicitude baseada en normativa internacional, os seus datos poderán ser cedidos aos organismos estranxeiros competentes para o trámite da súa solicitude. |
| **DEREITOS DAS PERSOAS INTERESADAS** | ***Cales son os seus dereitos cando nos proporciona os seus datos persoais?***<br>Verbo dos datos persoais proporcionados, pode exercitar en calquera momento e nos termos establecidos pola normativa de protección de datos os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición, ou ben retirar o consentimento prestado ao seu tratamento nos casos que fose requirido, todo iso mediante escrito presentado nun Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) ou, por correo postal ou a través da sede electrónica da Seguridade Social, ante o Delegado de Protección de Datos cuxos datos se atopan no segundo apartado desta táboa.<br>Informámoslle de que en caso de considerar que o seu requirimento non foi atendido oportunamente, ten a posibilidade de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. |
| **PROCEDENCIA** | ***Como obtemos os seus datos persoais?***<br>Amais dos datos proporcionados por vostede na súa solicitude, recollemos outros datos persoais doutras administracións e entidades en cumprimento da normativa e co fin de axilizar e facilitar a actuación administrativa. Estes accesos a datos están amparados en normas con rango de lei. |

20220831
6-070 gal V.10